



XUNTA DE GALICIA



# Nova lei

A nova lei proporcionavos unha ferramenta para a creación da vosa propia empresa, facendo realidade os vosos proxectos e ofrecendo a posibilidade dunha maior participación.

Presenta novidades e melloras para facilitar a creación de emprego a través do autoemprego colectivo.

A sociedade laboral aposta polo emprego estable e de calidade, impulsa a responsabilidade social empresarial e permite unha maior vinculación ao territorio.

# Agora máis participación

---



Coa nova lei regúlase a sociedade participada, recoñecendo á sociedade laboral como o modelo óptimo de participación das persoas na empresa, e permitindo o desenvolvemento dun novo modelo de empresas participadas polos seus traballadores.

# Agora máis sinxelo

---



A nova lei clarifica os requisitos para a constitución de sociedades laborais, facilita a incorporación de persoas traballadoras á condición de socias e simplifica e reduce trámites administrativos.

Facilita a transmisión de accións ao permitir, entre outras, que os estatutos da sociedade laboral poidan establecer de entrada o valor das accións ou participacións.

Tamén se regula de forma novidosa a adquisición de accións e participacións da propia sociedade, así coma a regulación das reservas especiais e as súas dotacións.

# Agora máis vantaxes

---



As sociedades laborais agora poderán dispoñer de persoas traballadoras fixas non socias, sempre que non superen o 49% das horas empregadas polas socias.

A nova lei mellora o goberno das sociedades laborais, ao impulsar prácticas de bo goberno, comportamento ético e transparencia.

Na sociedade laboral as persoas socias traballadoras poden cotizar no réxime xeral da Seguridade Social e ter así dereito á prestación por desemprego no futuro se o precisan.

# Dúas persoas poden constituír unha sociedade laboral

---



Dúas persoas poden constituír unha sociedade laboral.

Agora dúas persoas socias poden constituír unha sociedade laboral cunha repartición da propiedade ao 50% e co compromiso de incorporar a unha terceira persoa socia en 36 meses a partir da constitución.

As persoas promotoras poden acollerse ao pagamento único do desemprego para poder crear a sociedade.

Existen axudas para impulsar a incorporación de persoas desempregadas na empresa.



# Aesgal

AGRUPACIÓN EMPRESARIAL  
DE SOCIEDADES LABORAIS  
DE GALICIA



FACENDO EMPRESA  
SOCIEDADES LABORAIS  
DE GALICIA

# confesal

sociedades laborales  
de España

**Consellería de Economía, Emprego e Industria**  
**Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Telf.: 981 957 747

<http://emprego.ceei.xunta.gal>

[registro-sociedadeslaborais@xunta.es](mailto:registro-sociedadeslaborais@xunta.es)

---

**Aesgal**

R/. República do Salvador, 27 - 1º B - 15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 553 406 - [www.aesgal.org](http://www.aesgal.org)



**XUNTA DE GALICIA**